



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Instituto de Educación Secundaria
ROSAIS 2
VIGO

PROXECTO EDUCATIVO

Coutadas, s/n-36207 VIGO; Tfno. 986 378 181 – Fax: 986 375 115
E-mail: ies.rosais.2@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/iesrosais2>

INDICE

1. PRESENTACIÓN

2. DESCRICIÓN

- 2.1. Historia breve
- 2.2. Características do contorno social e cultural
- 2.3. Oferta educativa
- 2.4. Localización e instalacións
- 2.5. Horarios
- 2.6. Alumnado
- 2.7. Recursos humanos
- 2.8. Servizos complementarios

3. IDENTIDADE, MISIÓN E PRINCIPIOS EDUCATIVOS

- 3.1. Identidade
- 3.2. Misión
- 3.3. Principios educativos

4. OBXECTIVOS

- 4.1. No ámbito da organización
- 4.2. En relación co profesorado
- 4.3. En relación co alumnado
- 4.4. En relación coas familias
- 4.5. En relación co persoal non docente
- 4.6. En relación coa Administración Educativa
- 4.7. En relación co contorn educativ, cultural e social

5. ORGANIZACIÓN

5.1. ORGANOS DE PARTICIPACIÓN NO CONTROL E XESTIÓN

- 5.1.1. Consello escolar
- 5.1.2. Claustro

5.2. ORGANOS UNIPERSOAIS DE DIRECCIÓN E GOBERNO

- 5.2.1. Equipo directivo
- 5.2.2. Dirección
- 5.2.3. Vicedirección
- 5.2.4. Xefatura de Estudos
- 5.2.5. Secretaría

5.3 ORGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- 5.3.1. Profesorado.
- 5.3.2. Departamentos.
- 5.3.3. Comisión de coordinación pedagóxica
- 5.3.4. Titores.
- 5.3.5. Comisión de xestión de calidade.
- 5.3.6. Equipos de mellora.
- 5.3.7. Outros instrumentos de xestión.

5.4 ORGANOS DE PARTICIPACIÓN

- 5.4.1. Profesorado.
- 5.4.2. Persoal non docente
- 5.4.3. Alumnado
- 5.4.4. Familias
- 5.4.5. Organigrama

6. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA E ADECUACIÓN AO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL
 - 6.1. Obxectivos xerais da ESO
 - 6.2. Obxectivos xerais do Bacharelato
7. FORMULACIÓN METODOLÓXICA XENERAL
 - 7.1. Principios metodolóxicos da aprendizaxe
 - 7.2. Orientacións metodolóxicas para a aprendizaxe
 - 7.3. Orientacións didácticas para o desenvolvemento das competencias básicas
8. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS
 - 8.1. ESO
 - 8.2. Bacharelato
9. AGRUPAMENTOS DE ALUMNADO E ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS
10. ASPECTOS RELATIVOS AO HORARIO E Á ORGANIZACIÓN DO CENTRO
11. AVALIACIÓN
 - 11.1. Como é a avaliación?
 - 11.2. Que se avalía?
 - 11.3. Quen avalía?
 - 11.4. Cando se avalía?
 - 11.5. Instrumentos de avaliación
 - 11.5. A información ao alumnado
12. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES E RECLAMACIÓN CONTRA AS CUALIFICACIÓN
 - 12.1. Recuperación
 - 12.2. Reclamación
13. PROMOCIÓN E TITULACIÓN
 - 13.1. ESO
 - 13.2. Bacharelato
14. CRITERIOS PARA A INTRODUCCIÓN E TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS
 - 14.1. Educación para a saúde
 - 14.2. Educación para a paz
 - 14.3. Educación ambiental
 - 14.4. Educación moral e cívica
 - 14.5. Educación para a igualdade de oportunidades entre sexos
 - 14.6. Educación do consumidor
 - 14.7. Educación viaria
15. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
 - 15.1. Criterios e procedementos para atender a diversidade
 - 15.2. Procedementos para derivación de alumnado cara a programas de atención á diversidade
16. DISTRIBUCIÓN HORARIA SEMANAL DAS MATERIAS E OPTATIVIDADE
 - 16.1. ESO
 - 16.2. Bacharelato

17. ITINERARIOS

17.1. 4º ESO

17.2. 1º Bacharelato

17.3. 2º bacharelato

18. CRITERIOS PARA AVALIAR E REVISAR OS PROCESOS DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

19. CRITERIOS E ESTRATEXIAS PARA A COORDINACIÓN ENTRE ETAPAS

20. PROXECTO INTERDISCIPLINAR EN 1º ESO

21. PROXECTO LECTOR

22. PROXECTO LINGÜÍSTICO

23. PLAN DE INTEGRACIÓN DO TIC

24. PLAN DE MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA

25. PLAN DE CONVIVENCIA

26. PLAN DE ORIENTACIÓN

27. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

28. MARCO NORMATIVO

29. ANEXOS

I. Plan de acción tutorial P.A.T.

II. Plan de orientación académico e profesional P.O.A.P.

III. Plan de convivencia

IV. Plan de integración das T.I.C.

V. Proxecto lector

VI. Proxecto lingüístico

VII. Proxecto de mellora da calidade educativa

VIII. Proxecto interdisciplinar

IX. Plan de evacuación

X. Regulamento de Réxime Interior

XI. Programacións didácticas dos departamentos

XII. Programación das actividades complementarias e extraescolares

1. PRESENTACIÓN

O Proxecto Educativo do IES Rosais 2 inclúe as liñas directrices que definen a nosa institución docente, recollendo, entre outros, os obxectivos, valores e prioridades de actuación, aspectos organizativos, a atención á diversidade do alumnado, a concreción dos currículos, o tratamento transversal nas áreas, o plan de orientación e acción tutorial, de convivencia etc.

O presente documento constitúe o instrumento didáctico-pedagógico que artella o conxunto de actuacións do equipo docente deste Centro educativo, tendo como finalidade alcanzar a implantación e desenvolvemento das capacidades previstas nos obxectivos xerais das etapas educativas que se imparten, e iso en coherencia cos Obxectivos Xerais do Centro. É un documento que nos identifica como Centro e que pon de manifesto a forma que temos de entender e abordar a realidade educativa.

Debemos sinalar que este documento ten un carácter aberto, eminentemente práctico e susceptible de análise e revisión e por tanto de mellora continua, dada a súa funcionalidade como instrumento destinado a solucionar os problemas pertencentes ao ámbito didáctico-pedagógico.

2. DESCRICIÓN DO INSTITUTO

2.1. HISTORIA BREVE

O Instituto de Bacharelato Rosais 2 de Vigo foi inaugurado o 28 de outubro de 1988. A súa creación foi, en parte, resultado do interese cidadán, dada a escolarización emerxente en Bacharelato, imposible de atender polos centros da cidade e, en concreto, polo instituto veciño, agora denominado República Oriental do Uruguai, de quen se xerou como desdobre.

O alumnado foi basicamente de 1º de BUP (oito grupos de case corenta alumnos), excedentes escolares de diversas zonas da cidade. Os restantes alumnos de 2º, 3º e COU eran na súa maioría provenientes doutros centros.

No curso 89-90, e co resultado do Concurso de Traslados, incorporouse ao Centro o persoal con destino definitivo, que sería coordinada por parte do Equipo Directivo actual.

Co paso dos primeiros anos fíxose precisa a sistematización organizativa e adquirir un prestixio social que asegurase un alumnado suficiente, cuxa familia, ao elixir o noso Centro, presupuxese un ensino acorde ás súas máximas aspiracións. O fluír acelerado do tempo tróuxonos múltiples obxectivos superados e o Centro foi gañando o seu sitio entre os solicitados da cidade, a pesar do descenso demográfico.

Nos seus inicios e até a extinción do Bacharelato da Lei Xeral de Educación de 1970 chegou a contar con 24 grupos -seis de cada nivel-, máis 900 alumnos e un persoal de 57 persoas no profesorado. Na actualidade coa ESO e o Bacharelato da LOXSE de 1990 contamos cun número preto dos 600 estudantes.

A LOE rebautizounos como Instituto de Ensino Secundario. No curso 98-99 extinguiuse o 1º Bacharelato LOXSE, incorpórase o 3º de ESO e créase o Departamento de Orientación; no curso 99-00 extínguese o 2º Bacharelato e incorpórase o 4º de ESO, no 2000-01 incorpórase o 1º ciclo da ESO e con el o Profesorado de Ensino Primario, incorpórase o 1º de Bacharelato LOE e extínguese o 3º de Bacharelato. O persoal docente do Centro chega neste curso a 60 persoas. Neste curso, no mes de febreiro,ponse en funcionamento a ampliación do Centro. No curso 2001-02 extínguese o COU e incorpórase o 2º Bacharelato LOE, quedando neste momento totalmente extinguido o Bacharelato LOXSE e incorporado totalmente o novo Ensino Secundario LOE.

2.2. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO

O Instituto Rosais 2 é un Centro de Secundaria público, dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

En vixencia do Bacharelato Unificado Polivalente, tivo o Colexio Alba como centro asociado, a partir da LOXSE e publicación da Rede de Centros de Galicia, ten como centros adscritos os CEIPS Vicente Risco e García Barbón.

A súa inserción física, xusto no inicio do barrio de Teis e inmediato ao centro urbano de Vigo, non garda relación dependente coa procedencia xeográfica dos seus alumnos, dado que neste barrio, non poboado en demasía, existen dous Institutos de Secundaria: o Instituto de Teis e o Instituto da Guía con variada oferta educativa, ademais de dous colexios privados, o Colexio Apóstol Santiago e o Colexio San José de La Guía. (O Colexio Pai Míguez das Calasancias está tamén no límite de acceso ao barrio de Teis).

A imprescindible escolarización secundaria da zona centro de Vigo, carente durante anos dun Instituto de Bacharelato, até a creación do Instituto de O Castro, insuficiente para abranguer a área central urbana, obrigou, previamente, á creación dos dous institutos sitos na rúa Coutadas: a República Oriental do Uruguai e o Rosais 2 e, posteriormente, a asignarlles no mapa zonal da Administración Educativa a zona centro/leste, en distribución que abranguería desde o inicio de García Barbón e Urzáiz até os arredores do Barrio das Flores, incluíndo na súa área de influencia canles de tan alta densidade poboacional como Travesía de Vigo e Rosalía de Castro.

Esta demarcación é unicamente relevante no proceso de admisión de alumnado de Bacharelato, dado que o referido a 1º ESO vén determinado polos colexios adscritos, cuxo alumnado, automaticamente, case enche as nosas aulas de ESO e limita a admisión de alumnado, procedente doutros centros, a vacantes illadas.

2.3. OFERTA EDUCATIVA

De acordo coas características dun Instituto de Ensino Secundario a nosa oferta educativa céntrase no Ensino Secundario Obrigatorio, ESO e no Ensino Secundario postobrigatorio, o Bacharelato; tres liñas para a primeira e catro para a segunda.; impartíndose no Bacharelato as modalidades de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais.

2.4. LOCALIZACIÓN E INSTALACIÓNS

O Instituto de Ensino Secundario *Rosais 2* de Vigo está situado na rúa, Coutadas s/n Código postal 36207, Vigo (Pontevedra) con número de teléfono: 986-378181 e Fax. 986-375115.

2.4.1. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA

Atópase situado á beira do barrio das Flores, nunha zona de casas de baixa altura, nas proximidades da vía do ferrocarril e da autoestrada AP-9, tendo por veciños á esquerda a piscina cuberta municipal de Teis e á dereita o IES República Oriental do Uruguai.

2.4.2. REDE VIARIA

Áchase situado nunha ramificación da rúa Coutadas -que tamén recibe o mesmo nome- ao principio da devandita ramificación que é unha rúa sen saída. Por ela circulan os vehículos das poucas vivendas e negocios que existen na mesma e fundamentalmente os do persoal dos dous IES, os autobuses escolares e o persoal que utiliza a piscina e que busca aparcadoiro por toda a rúa.

Están próximas ao Instituto a Autoestrada AP-9 cuxo acceso se atopa na rúa Buenos Aires. A un quilómetro aproximadamente, a vía do ferrocarril, á cal se pode acceder a uns 200 m, e a CN-550 á que se chega desde a rúa Travesía de Vigo (antiga CN-550).

Accédese ao Instituto a través da Avda. de Sanjurjo Badía, tomando a rúa Coutadas ou tamén pola Travesía de Vigo na rotonda do Hipermercado Carrefour.

Para chegar ao Centro desde a autoestrada tómase a saída á Avda. Buenos Aires en dirección á Travesía de Vigo para acceder ao mesmo ao chegar á rotonda do Hipermercado Carrefour.

2.4.3. DESCRICIÓN DO CENTRO

O solar sobre o que se atopa construído o centro é aproximadamente rectangular. O frontal dá á rúa Coutadas, o lateral dereito á piscina de Teis, o lateral esquerdo ao IES República Oriental do Uruguai e a parte traseira á rúa Montecelo Baixo tras salvar un noiro por atoparse esta nun nivel inferior. O edificio escolar ten forma de L dando á rúa Coutadas e á piscina, e na parte posterior, paralelamente ao frontal atópase o pavillón cuberto. O complexo deportivo complétase cunha pista descuberta.

O edificio escolar está formado por dous módulos unidos entre si salvo na planta baixa e no tellado. O primeiro posto en funcionamento en outubro de 1988, e o segundo, engadido ao primeiro e que forma o lado máis longo do L, en xaneiro de 2000.

Entre a fachada principal e a rúa atópase o aparcadoiro do Centro. E nun extremo o depósito de gasóleo de calefacción.

Todo o perímetro do centro está pechado por un valo metálico, con algunhas zonas axardinadas.

2.4.4. INSTALACIÓNS

EDIFICIO ANTIGO:

Planta baixa: (De esquerda a dereita)

Vivenda do conserxe

Sala de actos

Pequena sala almacén-material

Despacho Secretaría.

Aseos de persoal

Sala de visitas.

Sala de administración.

Dirección.

Arquivo.

Reproducións.

Biblioteca

Conserxería

Cuarto de caldeiras

Vestíbulo principal

Porta dobre de entrada-saída

Escaleiras de acceso

Ascensor

Porta dobre de entrada-saída

Escaleiras de acceso

Departamento de Orientación

Departamento de Latín e Grego

Aula de Debuxo e Plástica

Departamento de Filosofía e Ética

Departamento de Lingua Castelá e Literatura

Departamento de Debuxo

Vestuario do persoal de limpeza/aseo minusválidos

Departamento de Lingua Galega e Literatura

Aula de Tecnoloxía.

Cafetaría.

Aseo alumnos

Aseo alumnas

Acceso ao patio descuberto a través de porta de emerxencia e metálica.

Acceso ao patio interior a través de porta de emerxencia contraincendios.

Primeira planta: (De esquerda a dereita)

Escaleira
Aseos de alumnos e de alumnas
Cuarto de limpeza.
Aseo de profesores.
Aulas reducidas 3 e 4
Aulas 1º de Bach. B e A
Aulas 4º ESO C, B, A
Aula reducida-1
Sala de Profesorado pequena
Sala de Profesorado grande
Acceso a dúas escaleiras
Ascensor
Aulas 3º ESO C, B e A Aula reducida-2
Despacho de Xefatura de Estudos e Vicedirección.
Aulas 2º ESO A, B e C. e 1º ESO A e B
Aseos de alumnos e Aseos de alumnas.
Cuarto de limpeza.
Aseo profesores.
Edificio novo

Segunda planta: (De esquerda a dereita)

Escaleira
Aseos de alumnos e Aseos de alumnas,
Cuarto de limpeza.
Aseo de profesores.
Aula de Informática
Aula de Ordenadoras
Aulas de 1º de bacharelato-C e D
Aula de audiovisuais
Departamentos de Historia e de Matemáticas
Aula de Idiomas
Aulas de 2º de Bacharelato D e C
Acceso a dúas escaleiras
Ascensor
Aulas de 2º Bach. B e A Lb. Física
Aula de desdobres de Bacharelato
Depto. Bioloxía-Xeoloxía e Física-Química
Laboratorio de Química
Laboratorio de Bioloxía-Xeoloxía
Laboratorio de fotografía.
Aseo Profesores
Aseos de alumnos e Aseos de alumnas
Escaleira de acceso ao faiado
Edificio novo

EDIFICIO NOVO:

Planta baixa:

Patio cuberto
Porta de entrada
Escaleira

Primeira planta:

Departamento de Pedagogía Terapéutica
Aula de Música
Aula de 3º ESO-PDC
Escaleira
Edificio antigo

Segunda planta:

Departamento de Educación Física

Aulas 1º ESO C e 4º ESO PDC

Escaleira

Edificio antigo

PAVILLÓN POLIDEPORTIVO:

Edificio independente do aulario, ten unha pista polideportiva sen bancadas e unha zona de vestiarios e servizos, renovados, para alumnado así como para o profesorado.

2.5. HORARIOS

O Instituto imparte ensinanzas de martes a venres en horario de mañá de 9,00 h. a 14,40 h. e o luns de 9,00 h a 13,50 h e de 16,00 h a 18,30 h.

O horario de Oficinas é de 9,00 h. a 14:30 h.

2.6. ALUMNADO

Procede na súa maior parte da zona de influencia.

Aproximadamente un 56 % do alumnado cursa a ESO e un 44 % o Bacharelato e o número de alumnos flutúa ao redor de 600.

2.7. RECURSOS HUMANOS

Constituído polas persoas que dun modo ou outro participan nas tarefas educativas, distribuídos nos seguintes grupos:

Persoal docente: 56 persoas con funcións directivas, titoriais e docentes, distribuídas en 18 Departamentos e con titulacións de Catedráticos, Licenciados, Diplomados e Mestres

Persoal non docente: 2 auxiliares administrativos, 3 conserxes e 4 encargadas de limpeza.

2.8. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

2.8.1. Transporte Escolar: O alumnado de 1º, 2º e 3º ESO dispón de servizo de autobuses gratuíto, subvencionado pola Xunta de Galicia, para o seu traslado e retorno ao Centro en percorrido que se inicia na rúa García Barbón, esquina con Serafín Avendaño. Os alumnos dispoñen dun carné que os identifica como usuarios do devandito transporte.

2.8.2. Biblioteca: dispoñible para os membros da comunidade educativa. O alumnado poderá utilizala para desenvolver nela: tarefas de estudo, investigación ou lectura (sempre que non supoña a ausencia das clases lectivas), baixo a supervisión do profesorado en calquera das súas funcións (actividades de aula, gardas) e gardará as normas de comportamento adecuadas.

Disporá de sistema de préstamo, contando con equipo informático e programas adecuados.

A Dirección poderá designar un ou máis encargados de biblioteca, segundo dispoñibilidade horaria do profesorado e que coordinarán o seu funcionamento

2.8.3. Cafetería: Servizo xestionado por persoas alleas ao Centro de acordo coa normativa vixente. Os prezos poderán ser supervisados polo equipo directivo e o Consello Escolar segundo o establecido no contrato vixente de xestión do servizo.

Os concesionarios deberán cumprir as normas sanitarias e de seguridade e hixiene establecidas, manter as instalacións en perfectas condicións, e informar á Dirección do Centro dos danos e avarías producidos así como de comportamento inadecuado do alumnado durante a súa estancia na mesma.

O horario de servizo será o correspondente ao horario escolar.

3. IDENTIDADE, MISIÓN E PRINCIPIOS EDUCATIVOS

Os trazos de identidade, a misión educativa e os principios son definicións básicas que sustentan o proxecto Educativo.

Nestes trazos concrétnanse a forma de concibir a educación e os valores transmitidos que van servir de fundamento ás relacións establecidas entre os distintos estamentos da comunidade educativa e o contorno.

A presentación destes principios e dos obxectivos consecuentes ten como finalidade mostrar: quen somos, que pretendemos e como nos organizamos para alcanzalos.

3.1. IDENTIDADE

O IES Rosais 2 é un centro público dependente da Xunta de Galicia. As condicións de admisión do alumnado axústanse á lexislación vixente.

3.2. MISIÓN

A misión do Centro é proporcionar unha educación de calidade que, á vez que transmita unha formación integral, humana e académica, satisfaga as expectativas e necesidades do alumnado e as súas familias, atenda ás capacidades individuais e lle facilite a súa inserción na sociedade.

3.3. VISIÓN

O Instituto aspira a integrar a cultura da mellora continua no proceso educativo implicando a toda a comunidade educativa (profesorado, persoal non docente, alumnado e pais), no proceso de calidade, de forma que sexa recoñecido polo ambiente de traballo, convivencia apracible e adecuado comportamento e nivel académicos do alumnado.

3.4. PRINCIPIOS EDUCATIVOS

Emanan das declaracións e leis vixentes do ordenamento xurídico:

- A Declaración Universal de Dereitos Humanos de 1948
- A Constitución Española de 1978
- A Lei Orgánica do Dereito á Educación L.O.D.E. de 1985
- A Lei Orgánica de Ordenación do Sistema Educativo L.O.X.S.E de 1990
- A Lei Orgánica de Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Docentes L.O.P.E.G. de 1995
- A Lei de Calidade na Educación de 2002
- A Lei Orgánica de Educación L.O.E. de 2006
- Estatuto de Autonomía de Galicia.

A partir destes principios a nosa acción educativa fundaméntase na democracia como mellor sistema de convivencia, e promove:

1. O respecto aos dereitos e liberdades dos demais, a tolerancia, a cooperación, a solidariedade e a xustiza.
2. A estima do traballo humano e dos seus logros.
3. A non discriminación por razóns de sexo, etnia ou crenza.
4. A integración e atención á diversidade.
5. A cortesía no trato, a constancia e o esforzo persoal.
6. A educación para a prevención e resolución pacífica de conflitos.
7. O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
8. O respecto a si mesmos e ás persoas que constitúen a Comunidade Escolar, ao Instituto e ao medio ambiente.
9. O dereito á atención personalizada e á orientación educativa e profesional.
10. A autonomía do centro e do seu profesorado dentro dos límites legais.
11. A xestión participada do persoal do Centro e as familias.
12. A relación co contorno institucional, social, cultural e produtivo.
13. A optimización dos recursos humanos e materiais.
14. A avaliación dos procesos de ensino-aprendizaxe e xestión.

4. OBXECTIVOS

Entendemos que os recursos humanos son o factor fundamental para alcanzar o fin último de formar en calidade e é por tanto obxectivo prioritario coñecer os intereses das persoas, motivalas no seu traballo e conseguir un clima de convivencia que satisfaga e fomente a colaboración de todos.

Por outra banda, o desenvolvemento da misión educativa cos múltiples aspectos da vida escolar e a súa complexidade requiren a formulación expresa de obxectivos imprescindibles para mellorar o traballo. Os devanditos obxectivos, emanados da análise da realidade do centro, fundamentados nos principios educativos expostos e distribuídos por ámbitos, son os seguintes:

4.1. NO AMBITO DA ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- 4.1.1. Construír unha Comunidade Educativa corresponsable dunha organización e funcionamento eficaz do centro.
- 4.1.2. Establecer un plan para unha xestión de calidade baseada na avaliación e programación de obxectivos de mellora.
- 4.1.3. Impulsar as iniciativas de colaboración e mellora de todos os compoñentes da Comunidade Educativa a través dos órganos establecidos e as Asociacións de Pais e Nais.
- 4.1.4. Manter un sistema de xestión administrativa baseado en información áxil para a comunidade educativa, potenciando para iso as novas tecnoloxías da información e comunicación.
- 4.1.5. Establecer con claridade as funcións dos membros do Instituto coordinando a actuación dos distintos órganos de xestión.
- 4.1.6. Detectar intereses das persoas que constitúen a Comunidade Educativa, motivalas no seu traballo e conseguir un clima de respecto e educación mutuos.
- 4.1.7. Desenvolver procesos de avaliación do alumnado, do profesorado e do propio centro que estimulen continuamente a mellora continua.
- 4.1.8. Prestar atención individualizada ao alumnado e, particularmente, ao que presente dificultades na súa aprendizaxe ou presente necesidades educativas especiais.
- 4.1.9. Optimizar a xestión de recursos económicos para lograr unha maior eficacia.
- 4.1.10. Establecer medidas para o uso correcto de materiais e instalacións para manter o centro nun nivel óptimo de conservación, limpeza e funcionamento.
- 4.1.11. Impulsar a participación do persoal non docente en procesos de mellora dos servizos de administración: secretaría, conserxería e limpeza.
- 4.1.12. Posibilitar a participación no proceso de realización do P.E.C. e poñelo en coñecemento dos membros da Comunidade Educativa.

4.2. EN RELACION CO PROFESORADO

- 4.2.1. Favorecer a acollida e integración do profesorado de nova incorporación no centro.
- 4.2.2. Fomentar que o profesorado se identifique coa misión e visión e os principios educativos do centro e sexa referencia constante dos valores de cortesía e eficacia que desexamos transmitir.
- 4.2.3. Potenciar a titoría como canle de comunicación entre alumnado, profesorado e familias no referente a rendementos académicos, incidencias na vida escolar e resolución de problemas.
- 4.2.4. Promover a colaboración activa co Departamento de Orientación tendo coñecemento do Plan de Acción Titorial e recibindo asesoramento sobre necesidades educativas do alumnado.
- 4.2.5. Fomentar a colaboración do profesorado nas actividades escolares e extraescolares do Centro.
- 4.2.6. Potenciar a participación do profesorado nas tarefas propias do seu departamento:
 - establecemento de obxectivos, criterios de avaliación, medida de rendementos, plans de mellora,
 - coordinación de programacións internas e con outros departamentos, estudo de necesidades materiais.
- 4.2.7. Impulsar a colaboración dos distintos Departamentos en convocatorias de proxectos de innovación educativa.
- 4.2.8. Propiciar a autoavaliación da práctica docente e actualización didáctica, para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe.
- 4.2.9. Optimizar a puntualidade no cumprimento das obrigacións cotiás.
- 4.2.10. Fomentar e facilitar o uso do TIC de modo que sexa posible a participación nos diversos programas convocados pola Consellería e aplicalas ao proceso de ensino-aprendizaxe.

- 4.2.11. Fomentar a excelencia do alumnado mediante a participación en actividades organizadas por diversas institucións.

4.3. EN RELACIÓN CO ALUMNADO

- 4.3.1. Mellorar o proceso de acollida do alumnado para facilitar a súa integración no centro.
- 4.3.2. Trasladar ao alumnado, ao comezo do curso, información sobre os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos exigibles para obter unha valoración positiva nas distintas materias.
- 4.3.3. Informalos das normas de convivencia, dos valores que as inspiran e da necesidade de exercitar responsablemente os seus dereitos e de cumprir os seus deberes nun clima de convivencia e de respecto mutuo.
- 4.3.4. Facilitar a participación do alumnado na vida docente a través dos delegados e do Consello Escolar.
- 4.3.5. Establecer procedementos para coñecer a opinión do alumnado sobre o centro, o labor docente e as súas expectativas a fin de mellorar o proceso educativo.
- 4.3.6. Fomentar a relación co Departamento de Orientación para que obteñan a información e axuda que precisen.
- 4.3.7. Informalos periodicamente dos seus rendementos e incidencias na vida escolar.
- 4.3.8. Realizar o control sistemático de faltas de asistencia e disciplina, e comunicalas puntualmente a pais e titores.
- 4.3.9. Fomentar o contacto titor-alumno como canle de resolución de incidencias.
- 4.3.10. Espertar unha actitude crítica ante as fontes de información con especial referencia ás redes sociais, o medio televisivo e ás mensaxes que incitan ao consumo.
- 4.3.11. Fomentar o autocontrol, a amabilidade, o respecto a si mesmo, ao Centro e ao medio ambiente.
- 4.3.12. Fomentar a puntualidade, a hixiene persoal, a limpeza do centro e os hábitos de vida saudables.
- 4.3.13. Valorar o esforzo persoal, a constancia, a cortesía e a solidariedade.
- 4.3.14. Inculcar o hábito de lectura como medio de enriquecemento persoal.
- 4.3.15. Capacitar ao alumnado no coñecemento e utilización de técnicas de traballo que lles permitan aprender de forma autónoma.
- 4.3.16. Fomentar a aprendizaxe de idiomas estranxeiros e favorecer os intercambios co alumnado doutros países.
- 4.3.17. Fomentar o uso responsable das tecnoloxías da información e comunicación.
- 4.3.18. Fomentar a solidariedade mediante a realización de actividades de voluntariado con ONGS.
- 4.3.19. Informar o alumnado sobre os estudos posteriores e sobre os aspectos profesionais que demanden para que, coñecendo todas as opcións, elixa a que considere máis adecuada aos seus intereses e capacidades.
- 4.3.20. Aconsellar ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, a optatividade máis conveniente para o seu proceso de aprendizaxe.

4.4. EN RELACIÓN COAS FAMILIAS

- 4.4.1. Impulsar o funcionamento das AMPAS como canle de participación na vida do centro.
- 4.4.2. Manter relacións fluídas coas familias informándolas de forma periódica da marcha do proceso educativo dos seus fillos e das incidencias de asistencia ou disciplina.
- 4.4.3. Fomentar as entrevistas co titor como canle habitual de información.
- 4.4.4. Propiciar a participación das familias en actividades do centro e en Escolas de Pais.
- 4.4.5. Establecer mecanismos para solicitar a opinión das familias sobre o Centro e sobre o labor educativo recollendo as súas propostas de mellora.
- 4.4.6. Facilitarles información que posibilite aos seus fillos unha adecuada orientación académica e profesional.
- 4.4.7. Concienciar aos pais da importancia da asistencia a clase como elemento imprescindible do proceso de ensino-aprendizaxe, evitando o absentismo.

4.5. EN RELACION CO PERSOAL NON DOCENTE

- 4.5.1. Favorecer a relación e coñecemento do traballo do persoal de administración e de servizos por parte dos demais compoñentes da Comunidade Educativa.
- 4.5.2. Fomentar a participación do persoal non docente nas actividades do centro.
- 4.5.3. Promover a súa participación no Consello Escolar a través dos seus representantes.
- 4.5.4. Impulsar a súa participación na mellora do funcionamento do centro e en particular do seu traballo específico.

4.6. EN RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA

- 4.6.1. Solicitar a actualización e mellora das instalacións.
- 4.6.2. Mellorar a puntualidade no establecemento da oferta educativa e do persoal correspondente ao comezo de cada curso académico.
- 4.6.3. Solicitar unha optimización das canles informativas e formativas.

4.7. EN RELACIÓN CO CONTORNO EDUCATIVA, CULTURAL E SOCIAL

- 4.7.1. Fomentar as relacións con outros centros educativos e entidades do contorno para dar a coñecer a nosa infraestrutura e oferta educativa.
- 4.7.2. Manter relacións institucionais con todos aqueles organismos do contorno que teñan conexión coa súa actividade, colaborando en programas e actividades promovidos por eles que sexan proveitosos para o seu alumnado.
- 4.7.3. Informar o alumnado das actividades que organicen outras institucións que poidan ser do seu interese, ben sexan de ámbito local, provincial, rexional, nacional ou internacional.

5. ORGANIZACIÓN

A estrutura educativa do centro fundaméntase na convición de que os esforzos coordinados son cualitativamente superiores aos individuais, o que esixe unha estrutura na que cada individuo teña as súas responsabilidades e as exerza con autonomía dentro da necesaria coordinación con outros.

Diferenciados polas súas competencias e funcións, constitúense órganos de dirección e goberno, órganos de participación no control e xestión e órganos de coordinación pedagóxica.

5.1. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN NO CONTROL E XESTIÓN

Os órganos de participación e goberno velan pola efectiva realización dos fins da educación e a mellora da calidade do ensino atendendo aos principios e valores da Constitución española, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do expresado neste PEC.

5.1.1. CONSELLO ESCOLAR

O Consello escolar do centro é o órgano a través do cal participan na xestión do Centro os distintos membros da comunidade educativa.

Está composto por representantes de todos os estamentos da comunidade escolar. Formula propostas ao equipo directivo para elaborar a Programación Xeral Anual, para promover a conservación e renovación das instalacións, para as relacións externas, para a programación das actividades extraescolares e para fomentar a participación e convivencia. Avalía o logro dos Obxectivos Xerais do centro. Decide sobre a admisión do alumnado e participa na selección da persoa que exercerá a dirección do Centro.

5.1.2. CLAUSTRO

O Claustro de Profesores é o órgano propio de participación destes no goberno do Centro. Está integrado por todo o profesorado, formula propostas e informa sobre a Programación Xeral, o Plan de Formación do Profesorado, calendario escolar, horario, plans de mellora, proxectos do Centro, orientación, tutoría, avaliación e recuperación do alumnado. Propón medidas para a convivencia escolar e coñece a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións. Elixo os seus representantes no Consello escolar e participa na selección da persoa que desempeñará a Dirección. Analiza e avalía o rendemento escolar.

5.2. ORGANOS DE DIRECCIÓN E GOBERNO

Os órganos unipersonales de goberno constitúen o equipo directivo do centro e realizan as súas funcións de maneira coordinada.

5.2.1. O EQUIPO DIRECTIVO

Dirixe, impulsa e coordina a todas as actividades do Centro. Elabora a proposta de Proxecto Educativo, a Programación Xeral, o anteprojecto económico e a Memoria de Actividades.

Avalía o grao de consecución de obxectivos conforme ao sistema de xestión de calidade establecido. Controla a actividade económica e administrativa. Facilita a convivencia de todos os estamentos educativos na vida do centro

5.2.2. DIRECCIÓN

Asume a representación do Centro e dirixe e coordina todas as súas actividades. Exerce a dirección pedagóxica e a xefatura do persoal; promove a avaliación e os plans de mellora. Designa os membros do seu equipo directivo e os responsables de departamentos. Promove as relacións externas con outros centros e entidades e fomenta a convivencia e participación. Impulsa a colaboración coas familias e institucións e impón as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos. Realiza as contratacións de obras, servizos e subministracións e autoriza os gastos e ordena os pagos.

5.2.3. VICEDIRECCIÓN

Substitúe a dirección en caso de ausencia e assume as funcións que esta lle asigna. Coordina o Programa de actividades complementarias e extraescolares e os recursos asignados ás mesmas.

5.2.4. XEFATURA DE ESTUDOS.

Dirixe e coordina a actividade docente: horarios, asistencias, disciplina, acción titorial, programacións, avaliacións, relacións co alumnado e os seus delegados...

5.2.5. SECRETARÍA

Asume a administración do Centro: orzamentos, inventarios e certificacións. Exerce a xefatura do persoal de administración e servizos.

5.3. ORGANOS DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

5.3.1. PROFESORADO

Desde o seu departamento programa, desenvolve e avalía a actividade da aula conforme aos plans e ás normas de calidade establecidas. Asume funcións de titoría, orientación, coordinación e participación en grupos de traballo, nos plans de avaliación, na actividade xeral do Centro, en actividades complementarias, de formación e de experimentación e investigación e no seu caso de dirección.

5.3.2. DEPARTAMENTOS

Forman equipos naturais de traballo que integran a profesorado por afinidade de materias. Asumen funcións de coordinación de programacións, criterios de avaliación, e mellora do equipamento. Son unha canle de participación na vida docente a través do Xefe de Departamento.

5.3.3. COMISION DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

Está constituída polos responsables dos distintos departamentos e coordina a comunicación departamental. Asegura a coherencia entre o Proxecto Educativo de Centro, as Programacións Didácticas e o Plan de Acción Titorial.

5.3.4. TITORES

Facilitan e orientan o alumnado para a súa mellor integración no centro. Canalizan as relacións entre as familias, o profesorado e o alumnado. Interven en nas incidencias escolares dos seus

grupos en coordinación con Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación. Coordinan a actividade docente, presiden as avaliacións e informan as familias dos rendementos e incidencias escolares dos alumnos.

5.3.5. DEPARTAMENTO DE CALIDADE

Está dirixido polo responsable de calidade nomeado polo director do Centro e constitúeno representantes dos distintos departamentos. Asesora o equipo directivo na mellora da calidade educativa. Establece obxectivos, controla a súa aplicación e avaliación do grao de consecución dos mesmos.

5.3.6. EQUIPOS DE MELLORA

Constitúense con carácter organizativo e pedagóxico e desenvolven procesos de mellora en base a necesidades determinadas polo Departamento de Calidade.

5.3.7. OUTROS INSTRUMENTOS DE XESTIÓN

Son os documentos que determinan directrices, normas, funcións ou responsabilidades.

REGULAMENTO DE RÉXIMEN INTERNO

Recolle e concreta as normas necesarias para facer posible a realización do Proxecto Educativo. Especifica as funcións e atribucións dos distintos órganos do centro así como as normas de convivencia.

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

Recolle a planificación da actividade do ano académico, sinala obxectivos e accións docentes para desenvolver. Inclúe horarios, programacións didácticas, programa de actividades complementarias e extraescolares, orzamento económico, plan de acción titorial, plan de orientación académico profesional, plan de ensino aprendizaxe/atención á diversidade, programa de posible formación do profesorado e procesos de mellora.

MEMORIA ANUAL

Elabóraa o equipo directivo e analiza o grao de consecución dos obxectivos marcados no Plan xeral Anual e o Plan estratéxico do Centro.

5.4. ORGANOS DE PARTICIPACIÓN

5.4.1. DO PROFESORADO

Participa a través dos Xefes de Departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica e no Consello Escolar cos seus representantes elixidos directamente.

5.4.2. PERSOAL NON DOCENTE

Colabora significativamente na vida escolar a través das tarefas administrativas e de servizos que teñen asignadas, así como en procesos de mellora dos mesmos. Teñen participación no Consello Escolar a través dun representante.

5.4.3. DO ALUMNADO

Participan na actividade do Centro elixindo os seus representantes no Consello Escolar e tamén a través dos delegados elixidos por cada grupo de alumnos que, á súa vez, constitúen a Xunta de Delegados.

Son funcións dos delegados fomentar a convivencia e trasladar ao equipo directivo as inxerencias e suxestións dos alumnos.

5.4.4. DAS FAMILIAS

Participan na actividade do Centro a través das Asociacións de Pais e Nais de alumnos.

O seu funcionamento é autónomo e regulado pola súa propia normativa. Un dos seus representantes elixidos é membro no Consello Escolar. Fomentan a integración dos pais na vida do centro, analizan e avalían a vida docente, formulan propostas de mellora e velan pola convivencia no centro.

6. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA E ADECUACIÓN AO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL

6.1. OBXECTIVOS DA ESO

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permita:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, o trato correcto e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos.
- Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, nas linguas castelá e galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o doutros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar os hábitos sociais relacionados coa saúde, o vestuario adecuado a cada situación, o consumo, o coidado do ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

6.2. OBXECTIVOS DO BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma. Prever e resolver apaciblemente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- Afianzar os hábitos de lectura, estudo, disciplina e trato cortés, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, as linguas castelá e galega.

- Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu ámbito social.
- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade esixida.
- Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o coidado do medio ambiente.
- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, amabilidade, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

A adecuación destes obxectivos ao contexto socioeconómico e cultural do centro, recollido no Proxecto Educativo de Centro, supón fomentar a aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira mediante a ampliación do abano de opcionalidade lingüística, a animación á lectura e o desenvolvemento da expresión oral e escrita e as habilidades sociais na ESO, e unha atención á diversidade mediante a implantación de medidas tendentes a favorecer a adquisición dos obxectivos xerais e as competencias básicas da E.S.O.

7. PLANTEAMIENTO METODOLÓXICO XERAL

A metodoloxía é o sistema de ensino-aprendizaxe que se utiliza na aula, ou mellor, a forma concreta en que se regulan, organizan e relacionan entre si os diversos compoñentes que interveñen no proceso de aprendizaxe: obxectivos, competencias, contidos, actividades, recursos e especialmente, alumnado, profesorado e comunidade educativa.

En atención á evolución psicopedagóxica dos alumnos, ás súas características e intereses, á súa capacidade para aprender por si mesmos, traballar en equipo e iniciarlos no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico, expóñense unha serie de criterios metodolóxicos xerais.

7.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS DA APRENDIZAXE

Estes principios metodolóxicos tenderán a:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar aprendizaxes significativas que estean relacionados cos seus coñecementos previos.
- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes por si mesmos, para traballar en equipo e para aplicar os métodos de investigación apropiados.
- Proporcionar situacións motivadoras de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos .
- Utilizar estas aprendizaxes en situacións novas que permitan interiorizar o rendido e capaciten para a relexión.

7.2. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS PARA A APRENDIZAXE

Consideramos as seguintes orientacións metodolóxicas:

- 1º. Papel activo do alumnado (Metodoloxía activa) que permita observar, reflexionar, participar, investigar..., a través do uso de recursos metodolóxicos variados: Libros de texto, libros de lectura, libros de información e documentación, vídeos, transparencias, material informático, biblioteca, talleres, laboratorios, etc.
- 2º. Atención individual e personalizada polo que haberá que ter en conta o seu nivel de coñecementos e capacidades, as súas motivacións, etc. (Avaliación inicial).
Adoptaranse medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade.
- 3º. Visión integradora e funcional dos contidos, con estruturación clara, e vencellándoos ao contorno.
- 4º. Aplicación de medidas para favorecer a autoestima e a autoavaliación.

- 5º. Asentamento das bases que permitan o enriquecemento cultural e persoal con vistas a cumprir obxectivos posteriores.

7.3. ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Traballar por competencias supón propor ao alumnado demandas complexas nas cales deben resolver unha situación problemática.

Competencia en comunicación lingüística

- A competencia en comunicación lingüística supón manexarse en situacións comunicativas, orais e escritas en diferentes contextos.
- A normativa vixente establece a interpretación e creación de textos varios de todos os niveis e rexistros.
- A adquisición de competencia lingüística leva o coñecemento do léxico e modo de discursos especializados específicos de cada área, no que serán corresponsables todos os departamentos co posible asesoramento das áreas de lingua.
- O desenvolvemento da competencia lingüística comporta o uso funcional de polo menos unha lingua estranxeira, con gradual dominio e formalización da mesma, posibilitando unha maior interacción social e o acceso a diversas fontes de información e aprendizaxe.

Competencia matemática

Posuír competencia matemática significa: posuír habilidade para comprender, xulgar, facer e usar as matemáticas nunha variedade de contextos intra e extra matemáticos e situacións nas que as matemáticas xogan ou poden ter un protagonismo.

As competencias en matemáticas estarán orientadas a que o alumnado aprenda a:

Pensar e razoar (tipos de enunciados, cuestións propias das matemáticas)

Argumentar (probas matemáticas, heurística, crear e expresar argumentos matemáticos)

Comunicar (expresión matemática oral e escrita, entender expresións, transmitir ideas matemáticas)

Modelizar (estruturar o campo, interpretar os modelos, traballar con modelos)

Expor e resolver problemas

Representar e simbolizar (codificar, decodificar e interpretar representacións, traducir entre diferentes representacións)

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Percepción e coñecemento do espazo físico en que se desenvolve a actividade humana, tanto en grandes ámbitos como na contorna inmediata, así como a interacción que se produce entre ambos.
- Realización de actividades de tipo manual (construción de maquetas, realización de debuxos, planos etc.)
- Realización de actividades de comunicación por medio de diversos códigos verbais e non verbais (mimo, mapas, diagramas...)
- Realización de accións motrices coordinadas e adoptar posicións nos que interveñan grupos musculares de diferentes segmentos corporais e en diferentes medios.
- Discriminación de formas, relacións e estruturas xeométricas, especialmente co desenvolvemento da visión espacial e a capacidade para transferir formas e representacións entre o plano e o espazo contribúe a profundar na competencia en coñecemento e interacción co mundo físico.
- Introducir valores de sustentabilidade e reciclaxe en canto á utilización de materiais para a creación de obras propias, análises de obras alleas e conservación do patrimonio cultural.

Tratamento da información e competencia dixital.

- Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.
- Está asociada coa procura, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á que se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia). Require o dominio de linguaxes

específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora) e das súas pautas de decodificación e transferencia, así como aplicar en distintas situacións e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, as súas fontes, as súas posibilidades e a súa localización, así como as linguaxes e soportes máis frecuentes nos que esta adoita expresarse.

- Dispor de información non produce de forma automática coñecemento. Transformar a información en coñecemento esixe de destrezas de razoamento para organizala, relacionala, analizala, sintetizala e facer inferencias e deducións de distinto nivel de complexidade; en definitiva, comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento. Significa, así mesmo, comunicar a información e os coñecementos adquiridos empregando recursos expresivos que incorporen, non só diferentes linguaxes e técnicas específicas, senón tamén as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Utilízanse na súa función xeradora ao empregalas, por exemplo, como ferramenta no uso de modelos de procesos matemáticos, físicos, sociais, económicos ou artísticos. Así mesmo, esta competencia permite procesar e xestionar adecuadamente información abundante e complexa, resolver problemas reais, tomar decisións, traballar en contornos colaborativos ampliando as contornas de comunicación para participar en comunidades de aprendizaxe formais e informais, e xerar producións responsables e creativas.
- A competencia dixital inclúe utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación extraendo o seu máximo rendemento a partir da comprensión da natureza e modo de operar dos sistemas tecnolóxicos, e do efecto que eses cambios teñen no mundo persoal e sociolaboral. Así mesmo supón manexar estratexias para identificar e resolver os problemas habituais de software e hardware que vaian xurdindo. Igualmente permite aproveitar a información que proporcionan e analizala de forma crítica mediante o traballo persoal autónomo e o traballo colaborativo, tanto na súa vertente sincrónica como diacrónica, coñecendo e relacionándose con contornas físicas e sociais cada vez máis amplas. Ademais de utilízalas como ferramenta para organizar a información, procesala e orientala para conseguir obxectivos e fins de aprendizaxe, traballo e lecer previamente establecidos. En definitiva, a competencia dixital comporta facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente.
Ao mesmo tempo, posibilita avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

En síntese, o tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Competencia social e cidadá

- Recoñecemento das diferenzas e rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Utilizar os exemplos da contorna sociocultural e natural do alumno como obxecto e instrumento da súa formación.
- Incidir especialmente en comportamentos corteses e cívicos da contorna máis próxima: limpeza das aulas, do centro, etc.

Competencia cultural e artística.

A competencia cultural e artística está constituída polo conxunto de destrezas e habilidades para apreciar a arte e a cultura, así como gozar con elas, e implica:

- Un coñecemento básico das distintas manifestacións culturais, artísticas e deportivas.
- A aplicación de habilidades de pensamento diverxente e de traballo colaborativo entre alumnos, profesores e departamentos que conforman as distintas áreas educativas.

- Supón unha actividade aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais.
- Desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora, así como un interese para participar na vida cultural do centro e da contorna.
- Contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico da propia comunidade e doutras.

Alcanzar esta competencia supón o desenvolvemento de feitos artísticos e culturais non só a través da programación da aula, senón tamén a través de actividades desta índole realizadas dentro do centro de cara aos demais e tamén fóra deste.

Competencia para aprender a aprender

- Priorizar exercicios de comprensión e expresión oral e escrita, tanto nas áreas humanísticas como nas científicas.
- Realizar pequenos traballos de investigación como medio de adestramento na procura de información.
- Favorecer a consulta e utilización de dicionarios.
- Aproveitar adecuadamente os medios audiovisuais como obxecto de estudo e ferramenta de traballo.
- Favorecer a utilización do computador e as T.I.C. en xeral.
- Expor interrogantes a partir de situacións de aula e simuladas, utilizando diversas fontes.
- Valorar especialmente os procesos na resolución de problemas.

Autonomía e iniciativa personal

- Realizar na aula actividades que propicien o auto coñecemento: reflexións persoais, auto descrições, etc.
- Practicar a autoavaliación.
- Facer explícito o recoñecemento dos aspectos conductuais positivos dos alumnos.
- Axudar á creación de hábitos de traballo individual.
- Fomentar o traballo e a cortesía na actividade grupal.
- Propiciar a realización dos traballos para que dunha forma progresiva se consiga un adecuado rigor formal.
- Responsabilizar gradualmente ao alumno sobre a súa actividade escolar e vital (planificación persoal de estudo e lecer, organización de traballos etc.)
- Potenciar o pracer pola lectura.
- Realizar saídas culturais.
- Realizar estudos sobre temas da saúde (nutrición, sexualidade, hixiene etc.)
- Impulsar as actividades básicas do diálogo: expresar ideas e escoitar (conversacións, dramatizacións, debates etc.)
- Facilitar as actividades de tipo lúdico e deportivo.
- Difundir todo tipo de información.

8. PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Os Departamentos Didácticos elaborarán as programacións das diferentes materias que se imparten en cada etapa educativa de acordo coa lexislación vixente. Estas deben responder ao seguinte esquema:

8.1. ESO

De acordo coa lexislación seguinte: Artigo 96º do Decreto 324/1996 (DOG do 9/08/96); Decreto 133/2007 (DOG do 13 de xullo) e Ordes de 6 de setembro de 2007 (DOG do 12) e de 28 de agosto de 1995 (BOE 20/09/95).

Para os apartados relativos ao currículo Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan os ensinos da educación secundaria obrigatoria.

- a) Introducción e contextualización da programación.
- b) Contribución da área/materia ao logro das competencias básicas.
- c) Obxectivos.
- d) Contidos.

- e) Temporalización.
- f) Criterios de avaliación.
- g) Mínimos esixibles.
- h) Criterios de cualificación.
- i) Procedementos de avaliación.
- k) Instrumentos de avaliación.
- l) Tratamento do fomento da lectura.
- ll) Tratamento do fomento do TIC.
- m) Plans de traballo para a superación de materias pendentes.
 - 1. Contidos esixibles.
 - 2. Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores.
 - 3. Actividades de avaliación.
 - 4. Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua.
- n) Metodoloxía didáctica.
- ñ) Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto.
- o) Programación de temas transversais.
- p) Medidas de atención á diversidade.
- q) As actividades complementarias e extraescolares.

8.2. BACHARELATO

De acordo coa lexislación vixente: Artigo 96º do Decreto 324/1996 (DOG do 9/08/96); e Orde do 28 de agosto de 1995 (BOE 20/09/95).

Para os apartados relativos ao currículo:

- Decreto 126/2008, de 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23).
- Orde do 24 de xuño de 2008 polo que se desenvolve a organización e o currículo dos ensinos de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27).
- Orde do 25 de xuño de 2008 polo que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, e o seu currículo e se regula a súa oferta (DOG do 27)
- Orde do 23 de setembro de 2008 polo que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo (DOG do 29)
- Orde do 23 de xuño de 2009 polo que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo (DOG do 1 de xullo)
 - a) Introducción e contextualización da programación
 - b) Obxectivos
 - c) Contidos
 - d) Criterios de avaliación
 - e) Mínimos esixibles
 - f) Temporalización
 - g) Actividades de recuperación
 - h) Reforzos para lograr a recuperación
 - i) Criterios de cualificación
 - j) Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios nos contidos progresivos
 - k) Criterios de promoción
 - l) Metodoloxía didáctica
 - m) Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto
 - n) Programación de temas transversais
 - o) Medidas de atención á diversidade
 - p) As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar

9. AGRUPAMENTO DE ALUMNOS E ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS

Os criterios de agrupamento para a E.S.O. que se aplicaren con carácter xeral en todos os cursos son os seguintes:

- En 1º ESO procurarase facer unha distribución equilibrada de alumnos en todos os grupos. Os condicionantes serán a elección das materias optativas e a atención á diversidade.

- Tentarase establecer programas de reforzo en 1º e 2º ESO para alumnos con necesidades educativas. Os devanditos alumnos estarán no mesmo grupo de referencia e sairán nas materias de Matemáticas, Lingua (Castelá ou Galega) e 2º Idioma.
- Estableceranse, se houbese dispoñibilidade de profesorado, en 1º, 2º e 3º de ESO apoios específicos mediante reforzos e agrupamentos específicos, nas materias de Lingua (Castelá ou Galega) e Matemáticas cando as necesidades ro equiran.
- Cando as necesidades o requiran establecerase en 3º e 4º de ESO un grupo de P.D.C. (Programa de Diversificación Curricular). Os alumnos deste curso estarán nun grupo de referencia para as materias especificadas na lexislación.
- O Departamento de Orientación especificará os alumnos con necesidades educativas especiais que requiran apoio especializado polo Profesor de Pedagogía Terapéutica e definirá a atención que requiran.
- Como fontes de información para realizar as agrupacións e a atención aos alumnos con necesidades educativas especiais utilízáense os datos fornecidos polos titores e profesores de materias instrumentais, os achegados polos centros de Primaria (para 1º E.S.O) e os obtidos polo Departamento de Orientación.

En canto á organización de espazos terase en conta o seguinte:

- Sempre que sexa posible, por razóns de idade e de autonomía persoal, procurarase situar aos alumnos maiores na segunda planta -1º e 2º de Bacharelato- e aos pequenos na primeira planta.
- Os alumnos de ESO sairán ao patio á hora do recreo, e non poderán permanecer nas aulas salvo causas extraordinarias e coa debida autorización.
- Nos cambios de clase os alumnos de ESO, non poderán saír ao corredor, debendo permanecer sentados na aula.

10. ASPECTOS RELATIVOS AO HORARIO E A ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- No relativo ao horario lectivo seguirase a lexislación vixente.
- Á hora de confeccionar os horarios evitarase ao máximo a coincidencia de dous grupos no pavillón deportivo e, no caso de que teñan que facelo, procurarase que non afecte a 1º ESO. Procurarase tamén que o número de alumnos que teñan clase na aula de informática non sexa superior a 17.
- Procurarase que as clases de EF sexan de dúas horas seguidas para que poidan dedicar o tempo necesario ao aseo persoal despois da mesma.
- Tentarase equilibrar o horario das diferentes materias, para que non coincidan sempre á mesma hora, en especial á última.
- Tenderase a que todos os profesores teñan o mesmo número de horas de permanencia no Centro.
- En ausencia do profesor a última hora, os alumnos de Bacharelato poderán concluír as súas actividades lectivas. Tamén poderán saír do recinto no recreo establecido, previa comunicación ás familias.
- Realizáense reunións de coordinación en horario lectivo con profesores titores, Departamento de Orientación e posible asistencia da Xefatura de Estudos, con periodicidade semanal para os cursos de E.S.O., co fin de programar, e adecuar as actividades educativas dentro do proceso de ensino-aprendizaxe, os obxectivos do PAT e do POAP, así como para tratar aspectos de convivencia e temas transversais.
- Realizaranse tres sesións de avaliación ao longo do curso, ademais dunha preavaliación a principios de novembro para todos os cursos excepto 2º de Bacharelato.
- Os titores reuniranse con cada familia - en ESO polo menos dúas veces ao longo do curso, e en Bacharelato, unha vez - para informalos dos aspectos relativos ao proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos.

11. AVALIACIÓN

A avaliación ha de ser o punto de referencia para adoptar decisións que afecten á intervención educativa, á mellora do proceso e á adopción de medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular.

A avaliación concíbese como un proceso que debe levar a cabo de forma continua e personalizada, que ha de ter por obxecto tanto as aprendizaxes dos alumnos como os procesos de ensino-aprendizaxe.

A concepción da avaliación está estreitamente relacionada coa da aprendizaxe e a do currículo. Grazas á avaliación, os profesores e os alumnos poden utilizar as informacións obtidas para orientar o traballo na aula e adaptalo, co fin de lograr unha práctica pedagóxica máis adecuada.

As implicacións que dos principios psicopedagóxicos se seguen, principalmente para a avaliación dos procesos de aprendizaxe dos alumnos, responden as preguntas: ¿que?, ¿como?, ¿cando? e ¿para que? avaliar.

Criterios xerais para a avaliación da aprendizaxe dos alumnos:

11.1. ¿COMO É A AVALIACIÓN?

1º. A avaliación da aprendizaxe dos alumnos será continua, formativa e diferenciada.

- **Continua:** Debe desenvolverse durante todo o proceso de aprendizaxe. Desta forma asegúrase que os alumnos están a alcanzar os obxectivos expostos. Ademais achéganos información para corrixir ou reorientar sobre a marcha o proceso de ensino.
- **Formativa:** Recalca o carácter educativo e orientador propio da avaliación. Refírese a todo o proceso de aprendizaxe dos alumnos, desde a fase de avaliación inicial ou diagnóstico até o momento da avaliación final ou sumativa
- **Diferenciada:** Segundo as áreas e materias do currículo, e personalizada; na que se fixan os obxectivos que o alumno alcanzará a partir da súa situación inicial.

2º. Despois da entrega das cualificacións polo profesorado reunirse a Xunta de Avaliación que analizará o grao de consecución dos obxectivos, as observacións que de cada alumno se expoñan e as medidas de reforzo que se consideren oportunas e, no seu caso, as adaptacións curriculares. A cualificación definitiva será a obtida unha vez concluída a Xunta de Avaliación.

11.2. ¿QUE SE AVALÍA?

1º. A consecución dos obxectivos educativos establecidos no currículo, tendo en conta os criterios de avaliación.

2º. Os contidos son os medios a través dos cales se pretende alcanzar as competencias.

3º. Para garantir o dereito que garanta ao alumnado (art. 13 do R.D. 732/95 sobre dereitos e deberes dos alumnos) que o seu rendemento escolar sexa valorado conforme a criterios de plena obxectividade, os Departamentos establecerán os obxectivos, contidos e criterios de avaliación mínimos esixibles para obter unha valoración positiva nas distintas áreas ou materias. Os profesores informarán disto aos alumnos.

11.3. ¿QUEN AVALÍA?

1º. A avaliación será realizada polo conxunto de profesores de cada grupo, coordinados polo profesor titor, e asesorados polo Departamento de Orientación do Centro, coa asistencia posible dalgún membro do equipo directivo. Os devanditos profesores actuarán de maneira colexiada ao longo do proceso de avaliación e na adopción das decisións resultantes do proceso.

As Reunións de equipos docentes valorarán os seguintes aspectos:

- Impresións dos profesores sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, a partir de indicadores previamente acordados; actitude e comportamento do grupo.
- Conveniencia de derivación de alumnado con necesidades educativas cara aos diferentes programas de apoio ou saída dos mesmos, unha vez alcanzados os seus obxectivos.
- As achegas ás Xuntas de Avaliación distribuiranse do seguinte modo:
 - **O Titor** aportará:
 - Información global sobre resultados do grupo.
 - Información sobre os alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe e comportamento.
 - **Os Profesores** aportarán:
 - Cualificación da súa materia.
 - Actitude mostrada polo alumno.

- Información sobre os alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe e propostas de medida de reforzo.
- **O Departamento de Orientación** poderá aportar:
 - Información pertinente, incluíndo resultados de entrevistas e probas analíticas.
 - Suxestión de posibles medidas de atención á diversidade.

Unha vez concluída a avaliación o Titor, de maneira clara e concisa, poderá reflectir na acta posibles acordos tomados.

A Xunta de Avaliación terá como obxecto facilitar información ao titor sobre o rendemento do alumnado, actitude e comportamento, así como informar as familias sobre todo aquilo que resulte relevante para o proceso escolar dos alumnos. Na terceira avaliación e na extraordinaria de setembro tomaranse decisións sobre promoción ou titulación dos alumnos.

- 2º. As materias pendentes de cursos anteriores serán avaliadas polos profesores das mesmas correspondentes ao curso/grupo no que se atope oficialmente matriculado o alumno. Con todo, cando ditas materias non teñan continuidade no curso actual do alumno, será o Xefe do Departamento correspondente quen asuma a súa avaliación e facilite ao titor a información pertinente sobre o proceso de ensino-aprendizaxe do alumno.

11.4. ¿CANDO SE AVALÍA?

- 1º. Unha avaliación inicial, ao comezo da Educación Secundaria Obrigatoria, detecta o nivel de competencias adquiridas e adecua o proceso de do mesmo. Para realizar esta avaliación terase en conta o informe de aprendizaxe individualizada de final de etapa durante a Educación Primaria. Así mesmo valoraranse, a cargo do Departamento de Orientación, as habilidades lectoras, tanto mecánicas como de comprensión, e as habilidades intelectuais.

Tamén, co fin de detectar a súa competencia curricular, realizarase unha avaliación inicial dos alumnos que se incorporen a calquera curso da etapa desde outros sistemas educativos.

Procurarase realizar probas/diagnóstico en todas as materias para adecuar os niveis terminais reais á intervención educativa prevista.

O departamento de Orientación apoiará aos titores, en colaboración con Xefatura de Estudos, na confección do expediente persoal e demais documentos administrativos, podendo asesorar sobre aspectos curriculares.

A avaliación de alumnos de 1º ESO ou de novo ingreso terá carácter diagnóstico e informarse ás familias, se se detectan necesidades educativas especiais ou graves dificultades de aprendizaxe.

- 2º. Unha avaliación formativa ofrece ao profesorado uns indicadores da evolución da aprendizaxe dos alumnos e ten un carácter orientador do proceso de ensino-aprendizaxe.

Celebraranse unha preavaliación e tres sesións de avaliación dentro do período lectivo, sendo a última destas a avaliación final ordinaria.

- 3º. **Avaliación de diagnóstico**, regulada no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, que realizarán todos os alumnos ao finalizar o segundo curso da Educación Secundaria Obrigatoria, non terá efectos académicos; terá carácter formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

A Consellería de Educación proporcionará aos centros os modelos e apoios pertinentes, a fin de que todos eles poidan realizar de modo adecuado estas avaliacións.

- 4º. As cualificacións correspondentes á avaliación dos alumnos con necesidades educativas especiais expresaranse nos mesmos termos e utilizando as mesmas escalas que os establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. No caso de alumnos aos que se aplicaron adaptacións curriculares significativas consignaranse as siglas ACS nos documentos de avaliación en que se requiran, así como cantas observacións sexan precisas, sendo os criterios de avaliación os que figuren no documento de adaptación curricular.

11.5. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- **Observación sistemática** do proceso de aprendizaxe a través do seguimento directo das actividades e recollida de información.
- **Seguimento e análise das producións do alumnado**
 - 1º. Unha avaliación sumativa ou final, co fin de valorar o rendemento do alumno. Serán os departamentos quen garantan que se aplican todos os procedementos establecidos para avaliar ao alumno e de concretar a porcentaxe destinada aos criterios de cualificación, segundo o establecido nas repectivas programacións.

11.6. A INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Informarase ao alumnado, ao comezo de curso, dos criterios de avaliación de cada materia.

- Mostrarse ao alumnado os exames, unha vez corrixidos e avaliados, sinalando os erros detectados.

12. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES E RECLAMACIÓN CONTRA AS CUALIFICACIÓNS

12.1. RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Os alumnos con materias pendentes realizarán unha avaliación final das mesmas ao longo do curso, dispoñendo así mesmo, dunha convocatoria extraordinaria en caso de suspender a ordinaria. Tanto titores, como profesores e Xefes de Departamento das correspondentes materias, farán un seguimento da evolución deste procedemento desde o comezo do curso, pondo especial énfase en que o alumno coñeza canto antes as datas de exames e presentación de traballos e o profesor que os avaliará, establecendo con este unha comunicación fluída até a conclusión do proceso. Neste sentido, os departamentos didácticos informarán, ao comezo do período lectivo, a estes alumnos sobre os contidos e criterios de avaliación mínimos esixibles para a superación das diferentes materias del dependentes, os procedementos de recuperación e de apoio previstos e os criterios de cualificación aplicables.

A lexislación vixente establece que as programacións didácticas recollerán os criterios de atención aos alumnos con materias non superadas en cursos anteriores, así como as actividades, orientacións e apoios previstos para lograr a súa recuperación.

Ao comezo de cada curso académico ofrecerase aos diferentes departamentos as listas cos alumnos con materias pendentes.

- Cada Departamento adxudicará aos alumnos con materias pendentes un profesor encargado de facer o seguimento do proceso de recuperación e avaliación, que pode ser o propio xefe do departamento, e que no caso de PDC será o propio profesor da materia.
- O Instituto notificará ás familias dos alumnos as materias que teñen que recuperar.
- Profesor comunicará ao alumno: o calendario de probas e traballos que debe realizar, os contidos mínimos esixibles, os materiais e recursos didácticos.
- As datas de realización das probas de recuperación expóñense no taboleiro de anuncios do Instituto e tamén na páxina web do instituto.
- As cualificacións parciais de materias pendentes serán comunicadas polo xefe de departamento á Xefatura de Estudos que as trasladará aos titores respectivos para que poidan ser incluídas no boletín de notas.

12.2. RECLAMACIÓN CONTRA AS CUALIFICACIÓNS

- Conforme ao establecido no artigo 13.4º do Real decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes do alumnado e as normas de convivencia nos centros, o alumnado, os seus proxenitores, así como os seus titorandos, poderán reclamar, ante a dirección do centro, contra as decisións e as cualificacións que se adopten como resultado dos procesos das avaliacións finais. As referidas reclamacións deberán basearse nalgún dos seguintes aspectos:

- A avaliación que levou a cabo como resultado do proceso de aprendizaxe do alumnado non foi adecuada aos criterios de cualificación e avaliación recolleitos na correspondente programación didáctica.
- A adecuación dos instrumentos de avaliación conforme ao sinalado na programación didáctica.

13. PROMOCIÓN E TITULACIÓN

13.1. ESO

- Os alumnos promocionarán de curso cando superen os obxectivos das materias cursadas, aténdose á lexislación vixente.
- Os alumnos que promocionen sen superar todas as materias seguirán os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberán superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo. Esta circunstancia será tida en conta a efectos de promoción e titulación.
- Os alumnos que cursen a Educación Secundaria Obrigatoria, e non obteñan o título, recibirán un certificado de escolaridade no que consten os anos e materias cursadas, así como as cualificacións obtidas.

13.2. BACHARELATO

A promoción de alumnos atérase á normativa establecida, por iso:

- Os alumnos promocionarán de primeiro a segundo de bacharelato cando superen todas as materias ou teñan avaliación negativa en dúas delas, como máximo. Neste caso, deberán matricular en segundo curso das materias pendentes de primeiro. O alumnado que deba repetir curso en 2º de Bacharelato, cursará unicamente as materias con cualificación negativa de 2º e, no seu caso, as materias con cualificación negativa de 1º. Os departamentos deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e a avaliación das materias pendentes.
- Obterá o título de bacharel o alumnado que curse satisfactoriamente o bacharelato en calquera das modalidades. Este título terá efectos laborais e académicos.
- Para obter o título de bacharel será necesario ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato, con efectos académicos e laborais.

15. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un dos principios en que se basea a Atención á Diversidade é a atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional do alumno en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe; o feito de que a etapa obrigatoria faga que debamos ofrecer ao alumno unha cultura común á que todo cidadán debe ter acceso, non debe facernos esquecer un feito inherente a toda persoa que é a diversidade, unha diversidade á que o Centro debe dar resposta.

A Educación Secundaria Obrigatoria suxire un tipo de ensino comprensivo e que atenda á diversidade, podéndose adoptar medidas ordinarias e extraordinarias.

A través da optatividade atendemos á diversidade dos alumnos respecto dos seus intereses, motivacións e aptitudes.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno non responda os obxectivos programados, os profesores adoptarán as medidas de reforzo educativo e, no seu caso, de adaptación curricular.

Outra resposta de atención á diversidade son os Programas de Diversificación Curricular e o Programa de Reforzo en 1º e 2º de ESO, agrupamentos específicos, así como apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica.

15.1. CRITERIOS E PROCEDIMIENTOS PARA ATENDER A DIVERSIDADE

- 1º. Potenciar a oferta de optatividade do Centro en función das características, expectativas e motivacións dos alumnos, e da dispoñibilidade de recursos.
- 2º. Os departamentos didácticos deseñarán, na súa programación anual, actividades de ensino-aprendizaxe de reforzo educativo e adaptación curricular.
- 3º. Facilitar a colaboración do departamento de Orientación cos restantes departamentos didácticos na programación na aplicación das adaptacións curriculares e na intervención educativa específica cos alumnos que o necesiten.

- 4º. Asegurar unha avaliación integradora na que se teña en conta, ademais do rendemento académico, os factores persoais e sociais.
- 5º. En calquera caso, será obxectivo principal das medidas de atención á diversidade que o alumnado con necesidades educativas especiais alcance as competencias e obxectivos básicos sinalados na L.O.E. e das sinaladas na súa ACI.

15.2. PROCEDEMENTO PARA A DERIVACIÓN DE ALUMNADO CARA A PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Pártese inicialmente, do caso de alumnos procedentes de centros adscritos, dos datos trasladados polos departamentos de Orientación, nas reunións periódicas mantidas durante o curso precedente ao seu ingreso no Instituto.

- **O profesor** detecta as posibles necesidades educativas e comunícaas ao titor.
- **O titor** traslada o caso ao departamento de *Orientación*.
- **O departamento de Orientación** obtén información do equipo docente, estuda o caso, informa a Xefatura de Estudos para a supervisión do proceso. Elabora a avaliación psico-pedagóxica, comunica á familia a proposta de actuación, e eleva a proposta á Dirección do Centro.
- **A familia** acepta ou rexeita o proceso.
- **O departamento de Orientación** realiza o arquivo de autorización e informe, e comezo de actuacións.
- **A Xefatura de Estudos** coordina actuacións, provee medios e recursos.

16. DISTRIBUCIÓN HORARIA SEMANAL DAS MATERIAS E OPTATIVIDADE

16.2. ESO

MATERIAS	CURSOS			
	1º	2º	3º	4º
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	-	-	2	3*
CIENCIAS DA NATUREZA	4	3	-	-
CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA	3	3	3	3
EDUCACIÓN FÍSICA	2	2	2	2
EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E DEREITOS HUMANOS	-	2	-	-
EDUCACIÓN ÉTICO-CÍVICA	-	-	-	1
EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL	2	-	2	3*
FÍSICA E QUÍMICA	-	-	2	3*
INFORMÁTICA	-	-	-	3*
LATÍN	-	-	-	3*
LINGUA GALEGA E LITERATURA	4	3	3	3
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	4	3	3	3
PRIMEIRA LINGUA EXTRANXEIRA	3	3	3	3
SEGUNDA LINGUA EXTRANXEIRA	2	2	2*	3*
MATEMÁTICAS	4	4	4	3(A ó B)
MÚSICA	-	2	2	3*
TECNOLOXÍA	-	3	2	3*
RELIXIÓN/ALTERNATIVA	2	1	1	1
PROXECTO INTERDISCIPLINAR	1	-	-	-
CULTURA CLÁSICA	-	-	2*	3**
OBRADOIRO DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS	-	-	2*	3**
ARTESANÍA E FOGAR	-	-	2*	3**

EN 3º CURSO:

Cúrsase unha materia optativa de entre: Cultura Clásica, Fogar, e Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras, Segunda Lingua Estranxeira e a optativa ofrecida polo Centro (Artesanía e Fogar)

EN 4º CURSO

Cúrsanse tres materias de entre: Bioloxía e Xeoloxía, Educación Plástica, Física e Química, Informática, Latín, Música, 2º Idioma e Tecnoloxía.

Cúrsase unha materia optativa de entre as non elixidas anteriormente, Obradoiro de Iniciativas Emprendedoras, Cultura Clásica e a ofrecida polo centro (Artesanía e Fogar)

* Optativa ** Optativa. Impartir en 3º ó en 4º (só nun dous cursos).

DIVERSIFICACIÓN 3º ESO	
MATERIA	Sesións
Ámbito lingüístico-social	9
Ámbito científico-Técnico	9
Lingua estranxeira-Inglés	3
Educación Plástica e Visual (GR)	2
Tecnoloxía	3
Optativa (GR)	2
Educación Física (GR)	2
Relixión (GR)	1
Titoría	1

GR Grupo de referencia

DIVERSIFICACIÓN 4º ESO	
MATERIA	Sesións
Ámbito lingüístico-social	8
Ámbito científico-Técnico	8
Lingua estranxeira-Inglés	3
Música (GR)	3
Tecnoloxía	3
Optativa (GR)	3
Educación Física (GR)	2
Relixión (GR)	1
Titoría	1

GR Grupo de referencia

16.2. BACHARELATO

MATERIAS	1º BACH.	2º BACH.
COMÚNS		
Ciencias para o mundo Contemporáneo	2	
Educación Física	2	
Filosofía e cidadanía	2	
Lingua castelá e literatura I e II	3	3
Lingua galega e literatura I e II	3	3
Lingua extranxeira I e II	3	3
Relixión	1	1
Cultura relixiosa	1	1
Historia da Filosofía		3
Historia de España		3
DE MODALIDADE		
Matemáticas I e II	4	4
Física e Química	4	
Biología e Xeoloxía	4	
Debuxo técnico I e II	4	4
Historia do mundo contemporáneo	4	
Latín I e II	4	4
Grego I e II	4	4
Economía	4	
Matemáticas aplicadas as Ciencias Sociais I e II	4	4
Física		4
Química		4
Bioloxía		4
Ciencias da terra e ambientais		4
Historia da Arte		4
Literatura universal		4
Xeografía		4
Economía de empresa		4
OPTATIVAS		
Antropoloxía	4	
Literatura Hispánica	4	
Musica *	4*	4*
Segunda lingua extranxeira	4	4
Tecnoloxías da información e comunicación *	4*	4*
Ética e filosofía do dereito		4
Filosofía da ciencia e tecnoloxía		4
Xeografía e historia de Galicia		4
Métodos estadísticos e numéricos		4
Literatura Galega do século XX		4
Xeoloxía		4

* Só nun dos cursos

17. ITINERARIOS

17.1. 4º ESO

MATERIAS COMÚNS		MATERIAS ALTERNATIVAS	
CC. Sociais/Xeografía e Historia Educación Física Educación Ético-Cívica Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura Matemáticas		<input type="checkbox"/> Relixión Católica <input type="checkbox"/> Atención Educativa * Elix a unha	<input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés * Elix a unha
